

En Rosa Marta Gómez Pato & Alejandra Ulla Lorenzo (coords.): *Oralidade(s)* (pp. 139-150). Universidade de Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións ISBN: 9788419679345

A metalingüística da oralidade. O caso do español de Galicia

Montserrat Recalde e Victoria Vázquez Rozas

1. Introducción

O español de Galicia (EdG) é unha variedade que recibiu até agora escasa atención. Os estudos tradicionais tenderon a adoptar unha perspectiva normativista e a centrarse nas interferencias ou fenómenos de converxencia cara ao galego a partir de datos extraídos da observación subxectiva e da lingua escrita. Tamén resulta usual que os fenómenos descritos se reproduzan dun estudo a outro sen unha constatación previa da súa frecuencia no uso real. Salvo raras excepcións, teremos que esperar ao presente século para ver publicadas descripcións funcionais de carácter variacionista ou análises actitudinais baseadas en datos extraídos de mostras de falantes (Pollán Valiña, 2001; Recalde, 2012; Formoso Gosende et al., 2017; Regueira e Fernández Rei, 2020; Fuente Iglesias, 2020; Azpiazu, 2021; Vázquez Rozas, 2020; Regueira e Vázquez Rozas, no prelo etc.). A aparición de corpus lingüísticos, entre os que se atopa o corpus oral do español de Galicia (ESLORA: <https://eslora.usc.es>), resultou un avance decisivo para que se producise este cambio.¹

O corpus ESLORA está formado por dous subcorpus recompilados entre os anos 2007 e 2015. O primeiro está composto por 53 entrevistas semidirixidas que fan en total 60 horas de duración, integradas no proxecto panhispánico PRESEEA (<https://preseea.lingus.net/>), e o segundo por 20 horas de conversas coloquiais. A mostra está estratificada por sexo, idade e nivel de estudos con cotas fixas de 3 falantes por cela (agás nunha), tal como figura na táboa 1.

¹ O presente traballo forma parte do proxecto de investigación *El corpus ESLORA de español oral: enriquecimiento, análisis lingüístico y aplicaciones* (PID2020-118133GB-I00-P), financiado por MCIN/AEI/ 10.13039/501100011033.

Idade	Nivel de estudos						
	Primarios		Secundarios		Universitarios		
	H	M	H	M	H	M	
20-34	3	2	3	3	3	3	17
35-54	3	3	3	3	3	3	18
> 54	3	3	3	3	3	3	18
							53

Táboa 1. Estratificación mostral (ESLORA)

Durante a recollida das entrevistas aplicouse un cuestionario sociolingüístico e un test de inseguridade lingüística, métodos comúns en sociolingüística, cos que se recadaron datos sobre a conciencia metalingüística dos falantes de EdG e as súas actitudes lingüísticas, tanto cara a esta variedade como cara á súa relación coa variedade estándar.

Investigar as actitudes lingüísticas cara ao EdG era unha tarefa pendente da sociolingüística hispánica, inescusábel para afondar na comprensión das complexas relacións sociolingüísticas que se producen na Galicia actual entre falantes e variedades lingüísticas e que non poden ser explicadas cos parámetros tradicionais.

Este artigo ten como obxectivos presentar algúns dos resultados máis relevantes da aplicación do test de inseguridade lingüística (Labov, 1966), amplamente usado pola sociolingüística variacionista, e expor unha serie de problemas metodolóxicos e implicacións éticas evidenciados durante este proceso, que nos levan a cuestionar a súa idoneidade como instrumento epistemolóxico.

2. O concepto de inseguridade lingüística (IL)

A percepción que os falantes manifestan sobre o seu uso das linguas (conciencia metalingüística) non coincide sempre cos resultados obtidos cando ese uso é sometido a exame polos analistas. A norma de prestixio e os criterios de corrección exercen unha presión sobre as actitudes e crenzas lingüísticas que xera inseguridade sobre a aceptabilidade ou corrección do seu uso, a cal, seguindo a Labov (1966), se reflicte en dúas tendencias aparentemente antagónicas: por unha banda, a  autoopercepción dun uso máis frecuente das formas que consideran correctas  que se obtén da súa cuantificación obxectiva; pola outra, a cualificación das variedades propias como incorrectas.

No ámbito hispánico, as investigacións actitudinais indican que os falantes de español rexional identifican as variedades do centro-norte peninsular, nomeadamente das provincias castelás, co modelo de corrección (máis próximo ao estándar), e tenden a considerar as restantes variedades xeográficas, incluídas as propias, como subestándares ou desviadas (Moreno e Moreno 2004; Hernández-Campoy e Villena-Ponsoda 2008; Cestero e Paredes 2018). Isto afecta tamén ao español das comunidades bilingües, ao que atribúen numerosas interferencias das linguas propias (Recalde, 2012; Yraola, 2014).

O índice de inseguridade lingüística (IL) (Labov, 1966) é un indicador indirecto das actitudes lingüísticas, que se extrae mediante a comparación do grao de acomodación ou discrepancia autopercibida entre os usos propios e os que os falantes creñ correctos. A IL é, segundo Labov, un factor desencaendeante do cambio lingüístico. Para determinar o grao de IL, Labov deseñou o *test de inseguridade lingüística* (TIL), consistente en lles presentar aos suxeitos dúas alternativas de pronuncia nunha serie de palabras para que identifiquen cal delas utilizan habitualmente e cal creñ correcta. O IIL determinase polo número de casos nos que estas dúas formas diverxen, independentemente da dirección da diverxencia (a favor ou contra do propio uso): a maior discrepancia, maior inseguridade.

141

3. Aplicación do TIL aos falantes de EdG

No proxecto ESLORA, o TIL consta de 18 pares de variables morfosintácticas integradas en secuencias que eran lidas en voz alta polas entrevistadoras, quen a seguir preguntaban aos informantes que forma/s usaban e cal/cale consideraban correcta/s. Dada a escaseza de datos empíricos, as variantes correspondentes ao EdG foron extraídas dos exemplos que os estudos existentes até o momento identificaran repetidamente como propias desta variedade, co inconveniente de seren seleccionadas a partir das percepcións subxectivas dos autores. As variantes alternativas corresponden coa forma aceptada como normativa no español estándar peninsular (EEP; cf. NGLE, 2009). Na táboa 2 figura a lista de variables investigadas. Na columna da esquerda figuran as variantes consideradas propias do EdG e na da dereita as do EEP. Na primeira columna identifícanse con números arábigos as estruturas estudadas (algunhas delas agrupadas en razón do tipo de unidade gramatical). A numeración entre parénteses da segunda columna identifica as secuencias nas que se inseriron as variables e servirán para identificar os pares na análise das páxinas que seguen.



Estructura EdG	Estructura EP
1. Formas verbais	
<ul style="list-style-type: none"> • <i>sali</i> • <i>conociéramos</i> • <i>viéramos</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>he salido</i> (6, 8) • <i>conocimos</i> (2, 3, 7) • <i>habíamos visto</i> (1)
2. Perífrases verbais	
<ul style="list-style-type: none"> • <i>ir + infinitivo</i> • <i>haber de + infinitivo</i> • <i>dar + participio</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>ir + a + infinitivo</i> (4) • <i>estar a punto de + infinitivo</i> (9) • <i>conseguir + infinitivo</i> (12, 14)
3. Medio concordado + adxectivo	<i>Medio</i> invariable + adxectivo (5)
4. Dativo ético	Ausencia de dativo ético (10, 13)
5. Estruturas verbais	
<ul style="list-style-type: none"> • <i>echar [tempo]</i> • <i>estar en [locativo]</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>pasar [tempo]</i> (11) • <i>ir en [locativo]</i> (18)
6. Locución conxuntiva <i>y más</i>	Connexión y (15)
7. Variación de número no pronomé interrogativo de persoa <i>quién / quiénes</i>	Inmobilización en singular (16)

Táboa 2. Variables morfosintácticas

Orixinalmente o TIL foi deseñado para investigar variables fonéticas, pois Labov (1978) sostén que, para que exista unha variable sociolingüística, as variantes deben ter idéntico significado referencial, o que non pode garantirse no caso de todas as variables morfosintácticas precedentes. Pola contra, Lavandera (1978, p. 181) sostén que a noción de *grupo de equivalencia* debe ser substituída pola de *comparabilidade funcional* das variantes. Dúas unidades funcionais son variantes dunha mesma variable se portan información non referencial de tipo social, estilístico etc., e presentan patróns cuantificables de covariación.

As variables (4), (5), (16) da táboa anterior (v. columna dereita) satisfán a condición laboviana. Noutros casos hai razóns para consideralas unidades funcionalmente comparables que aportan algún tipo de información pragmática, como o par (14), cuxos matices de significado foron percibidos por dous entrevistados, como reflicte o diálogo de (1):

- (1) A: no *da salido* es porque algo se lo impide / en cambio la otra forma es...
 I: se mete en el baño y no sale / se mete en el baño y no *da salido*

A: *no da salido* es porque se está entreteniendo

I: *y no da salido/* exactamente

A: y otra cosa sería *no sal-* se mete en el baño y *no sale* ¿por qué? se atascó /
no da sacado la pierna de allí

I: claro claro (M33_009)

As respostas ao TIL foron rexistradas para o seu tratamento estatístico e gravadas para a análise cualitativa do discurso epilingüístico. O valor mínimo é 0 e o máximo 18.

4. Resultados

4.1. Actitudes lingüísticas obtidas no TIL

Segundo os achados de Labov (1966, p. 332), quen adopta un estándar de corrección imposto desde fóra do grupo de fala nativa mostra un IIL más elevado. Na distribución sociolectal, o índice más alto corresponde a persoas de clase media-baixa. Sería previsíbel, por tanto, que entre os falantes de EdG o IIL fose relativamente elevado, posto que o modelo de corrección identifícase con variedades exteriores á comunidade, especialmente co castelán de Castela. Canto á adscrición sociolectal, que en ESLORA se establece por nivel educativo, poderíase esperar que o IIL se reducise segundo aumenta o nivel educativo. Pero, como se ve no Gráfico 1, os resultados obtidos non son os esperados no marco laboviano.

143




Gráfico 1. Índices de inseguridade lingüística (Máximo= 18; Mínimo= 0. Sociolecto 1: estudos primarios; Sociolecto 2: estudos medios; Sociolecto 3: estudos universitarios)
IIL por sociolectos. Fonte: Datos de ESLORA

Por outra parte, os datos indican que o índice difire dependendo das construcións comparadas. O Gráfico 2 mostra que as dúas variábeis que producen

III más elevado son as formas verbais *canté / he cantado* (pares 6 e 8) e *dar + participio* (pares 12 e 14). Obsérvase, asemade, que as persoas con estudos medios e universitarios mostran o mesmo patrón de variábeis.




Gráfico 2. Índice de inseguridade lingüística por construcción e sociolecto

É significativo o feito de que a ante cun índice máis elevado de IL (IL=8), unha muller do grupo etario³ 54 anos e estudos universitarios, responda ao test rapidamente e de forma categórica, indicando con naturalidade na maior parte das preguntas que as construcións que usa non se corresponden co que cre correcto. Esta informante non vacila nas súas respuestas nin parece que lle preocupe que o seu uso non coincida co estándar de prestixio. Non hai dúbida de que é consciente das características da variedade que fala, sobre as que adoita facer comentarios metalingüísticos, como se mostra nos fragmentos de (2):

(2)

a.	(i) ¡Qué bien lo pasamos aquel verano! ¿Te acuerdas? Fuimos a Marín y...	(ii) ¡Qué bien lo pasáramos aquel verano! ¿Te acuerdas? Fuéramos a Marín y...
R: sí=yo uso yo <i>pasáramos</i> sí sí eso siempre / pon que está bien la primera <risas> qué bien lo <i>pasáramos</i> sí.		
b.	(i) Las cosas no te son nunca tan sencillas como crees	(ii) Las cosas no son nunca tan sencillas como crees
R: usamos en Galicia bastante el <i>no te son</i> (...) posiblemente sea la segunda la que esté bien.		

c.	(i) Mis padres echaron mucho tiempo en Alemania	(ii) Mis padres estuvieron mucho tiempo en Alemania
R: no / yo la primera <risas> o sea que ya ves que soy gallega hasta el tuétano a pesar de que hablo castellano / pero bueno estoy muy orgullosa de ello (...) la correcta la segunda (M33_005)		

En contradición coas expectativas de Labov (1966), observamos que é precisamente a conciencia lingüística e metalinguística da falante a que determina o alto índice de inseguridade no test. Neste caso o índice elevado non parece reflectir unha inseguridade individual senón de tipo «rexional», é dicir, inducida pola visión socialmente estereotipada da variedade empregada (cf. Preston, 2013). O uso das variantes alleas ao estándar normativo funciona como índice de pertenza a unha comunidade de fala: os comentarios metalinguísticos translocen prestixio encuberto nos trazos do EdG. Hai, por tanto, discrepancia entre a IL que mide o TIL e a que emerxe do discurso dos participantes. O anterior implica que un IIL meramente cuantitativo pode non ter tanta capacidade para predecir o cambio lingüístico como lle atribuíu Labov, quen non tivo en consideración o prestixio encuberto que pode extraerse dunha análise cualitativa.

145

4.2. Implicacións éticas da aplicación do TIL

O proceso de aplicación do TIL levounos a cuestionar este método e os principios ideolóxicos subxacentes ao seu deseño, pois parte dun estándar de corrección ideolóxico que se activa de diferentes maneiras na conciencia dos falantes durante a súa aplicación. Como consecuencia, o uso do TIL contribúe a difundir e a lexitimar a idea de que existe unha variedade que é «mellor» cás demás porque está más próxima ao ideal normativo.

Observamos tamén que nalgúns casos a realización do test tiña como consecuencia indesexábel o dano da imaxe pública dos participantes (no sentido de Goffman 1967) e exercía unha sorte de violencia simbólica sobre eles. Non é estranxo que unha situación na que unha investigadora interrogaba a un informante sobre as súas crenzas de uso e corrección lingüística resultase desconcertante e incómoda para moitos participantes, que accederon a colaborar permitíndolos gravalos mentres compartían connosco as súas opiniós e vivencias. A relación de asimetría entre entrevistadora e falante facíase máis evidente con algúns informantes de estudos medios e primarios de maior idade, persoas que quizais nunca antes se enfrentaran a cuestións metalinguísticas sobre o propio uso da lingua e as súas percepcións de corrección lingüística. O fragmento (3) ilustra as dificultades que ocasiona a algúns falantes a realización do test.

- (3) I: aah ¿qué te tengo que decir a== esa pregunta?
 E: cuál crees que es correcta de las dos y cuál crees que utilizas / que utilizarías
 I: es que yo depende o sea mmm alquiló una película que ya la habíamos visto todos
 E: una es que ya la habíamos visto todos y otra es que ya la viéramos todos
 I: hombre yo= eeeh ahí en esa en esa== oración haría o sea que ya la habíamos visto todos
 E: ¿y cuál crees que es la correcta? esa es la que utilizarías ¿y crees que es la correcta?
 I: y la otra ¿que ya habríamos qué?
 E: una es que ya la viéramos todos y que ya la habíamos visto todos que ya la habíamos visto todos porque claro yo estoy acostumbrada <risas> (M22_019)

4.3. Nova aplicación do TIL

Co obxectivo de superar as dificultades encontradas no uso do TIL cos informantes de ESLORA, deseñamos unha actividade piloto no marco da materia *Análise do discurso* do curso 2021-2022. A actividade combina o coñecemento práctico dun método de obtención de datos —o cuestionario sobre crenzas de uso (propio) e corrección lingüística— e a posterior reflexión sobre os resultados. O cuestionario actualizouse co uso de secuencias reais tomadas de ESLORA e a exclusión de certas construcións que non se documentaban nos materiais do corpus.

Ao igual que nos TIL de ESLORA, a gravación da actividade proporciona información moi valiosa sobre a autopercepción do uso e as actitudes lingüísticas dos participantes. Entre os argumentos que fundamentan os usos e actitudes destaca a consideración recorrente da influencia do galego como determinante da incorrección de certas variantes. De aí, por exemplo, a crenza estendida de que as formas verbais compostas con *haber* constitúen, por defecto, a opción correcta, o que leva a rexeitar como incorrectos usos estándar das formas simples, como ocorre en (4):

(4) (a) en octavo de EGB habíamos ido a Navarra a esquiar con los / con los compañeros de clase y los profesores.	(b) en octavo de EGB fuimos a Navarra a esquiar con los / con los compañeros de clase y los profesores.
R: por influencia otra vez del gallego suelo usar la (b) / la correcta y la estándar sería la (a)	

As respostas manifestan, ademais, a desconfianza no uso espontáneo e relacionan as opcións consideradas correctas coa reflexión metalingüística

consciente. Así, un participante declara: «los verbos compuestos o no los uso o me cuesta mucho pensar que los tengo que utilizar». Outra dí que «de manera natural» usa unha forma verbal simple, pero ‘se o pensa e é consciente’ usa a composta.

Con frecuencia os participantes identifican diferenzas pragmáticas e de rexistro entre as opcións presentadas, como en (5) e (6):

- (5) si tienes cierta confianza con el interlocutor / que aquí yo creo que no ¿no? ¿o sí? pues no sé / es indefinido / no lo sabemos / yo no diría el *te* porque el *te* es como muy cercano.

 El dativo es más de habla de gente más mayor

Ao igual que nos test de ESLORA, tamén neste caso o cuestionario permite obter información das crenzas dos informantes sobre o seu uso lingüístico en relación ás nocións de corrección e de estándar. As respostas e o discurso metalinguístico revelan a inseguridade que a conciencia de normatividade xera nos falantes, como se observa en (7):

(7) (a) me gustaron	(b) me han gustado
R: yo= correctas son las dos y tengo un gran problema porque mezclo los dos tiempos <risa> indistintamente cuando hablo así que yo creo que diría la (a) / creo que la usaría / pero no me sorprendería en absoluto usar la (b) / no sé /	

147

Tanto en (7) como en (3) *supra* (de ESLORA) observamos como os falantes modalizan epistemicamente o seu discurso con expresións de dúbida e incerteza como *pienso*, *creo*, *no sé*, *me parece*, usos modais de condicional e futuro —*diría*, *usaría*—, marcadores de reformulación —*o sea*, *es decir*—, xustificacións —*es que...*—. Son tamén frecuentes nas respostas as pausas largas, as vacilacións, a repetición murmurada das secuencias do test e os comentarios autocríticos sobre a competencia propia en castelán (mesmo se declaran falar castelán preferentemente ou alternando co galego).

Finalmente, a nova aplicación do test mostra tamén as limitacións dos cuestionarios como fonte de datos do uso efectivo: o que cremos dicir non é necesariamente o que en realidade dicimos, mais é revelador das crenzas e actitudes dos falantes. Así, con respecto ao par «(a) aún no fuimos | (b) aún no hemos ido a mirar nada», un falante di utilizar o pretérito, pero ao comentar outro par utiliza o antepretérito: «aunque también *he escuchado* alguna vez la opción b». Outro informante afirma, pola contra, que usa a forma composta (b), pero, nun comentario sobre a variable «(a) intenté | (b)

tengo intentado», emprega a forma simple «la otra [i.e., *lo tengo intentado*] no la escuché en mi vida».

5. Conclusóns

1. Frente as previsións de Labov (1966), as respostas ao TIL da mostra de ESLORA amosan unha correlación positiva entre IIL e nivel de ensino regrado: canto maior é a exposición ás normas de corrección lingüística, maior é o IIL dos falantes.
2. Constátase unha forte discrepancia entre a IL que mide o TIL e a que emerge do discurso dos falantes: as persoas con estudos universitarios, con maior IIL segundo o test, apenas amosan inseguridade discursiva, mentres que o discurso das que teñen estudos primarios contén numerosos elementos de modalización epistémica que indican inseguridade.
3. A aplicación do TIL provoca IL: paradoxalmente, o propio test é causa de inseguridade nos falantes de menor nivel de estudos, que sufren a presión da ideoloxía da estandarización, determinante do patrón de corrección hexemónico.
4. O discurso epi/metalingüístico revela a existencia de prestixio encuberto no EdG.
5. Os resultados obtidos en ESLORA encaixan na proposta de Preston (2013), quen sinala (i) a necesidade de completar os métodos cuantitativos labovianos con outros cualitativos etnográficos para comprender o alcance da IL, e (ii) a necesidade de ter en conta diferentes tipos de inseguridade: individual, rexional, e mesmo a inseguridade inducida pola propia aplicación do TIL.
6. Os resultados da proba piloto posterior confirman os obtidos anteriormente en ESLORA: tanto cuantitativa como cualitativamente os cuestionarios constitúen un método útil para estudar a percepción do uso.
7. O discurso dos participantes mostra a discrepancia entre crenzas de uso e uso lingüístico efectivo.
8. É preciso ampliar os datos de uso e actitudes sobre o español falado en Galicia. Con ese obxectivo, no proxecto ESLORA++ deseñouse unha aplicación en liña sobre autopercepción do uso por estudiantes de ESO e ~~bachillerato~~ (<https://eslora.usc.es/encuesta>) que se completa coa obtención das súas opinións e valoracións mediante a técnica do «grupo de discusión».

6. Bibliografía

- Azpiazu Torres, S., 2021. Mitos y realidades acerca del sistema de oposición *canté / he cantado* en Galicia, en Quijada van den Berghe, C. e Gómez Asencio, J. J. (eds.), *Los pretéritos perfecto simple y compuesto en español peninsular y en otras lenguas románicas*. Madrid: Arco, pp. 71-100.
- Cesteros, A. M. e Paredes, F., 2018. Creencias y actitudes de los jóvenes universitarios del centro-norte de España hacia las variedades cultas del español. *Boletín de Filología*, 53(2), pp. 45-86.
- Fuente Iglesias, M. de la, 2020. *Contacto de lenguas e identidad regional: la variación de las vocales medias en el castellano de Galicia*. Minneapolis, MN: University of Minnesota. (Tese Doutoral).
- Formoso Gosende, V., Iglesias Álvarez, A. e Rial Aparicio, A., 2017. Percepción do alumnado galego ante as variedades dialectais propias e alleas. *Verba*, 44, pp. 231-270. <http://dx.doi.org/10.15304/verba.44.2947>
- Goffman, E., 1967. *Interaction Ritual: Essays on Face-to-face Behavior*. New York: Pantheon Books.
- Hernández-Campoy, J. M. e Villena-Ponsoda, J. A., 2008. Standardness and nonstandardness in Spain: dialect attrition and revitalization of regional dialects of Spanish. *International Journal of the Sociology of Language*, 196-197, pp. 181-214.
- Labov, W., 1966. *The social stratification of English in New York City*. Washington D.C.: Center for Applied Linguistics.
- Labov, W., 1978. Where Does the Linguistic Variable Stop? A Response to Beatriz Lavandera. *Working Papers in Sociolinguistics*, 44, pp. 1-22.
- Lavandera, B., 1978. Where does the sociolinguistic variable stop? *Language in Society*, 7, pp. 171-182.
- Moreno Fernández, F. e Moreno Fernández, J., 2004. Percepción de las variedades lingüísticas de España por parte de los hablantes de Madrid. *Lingüística Española Actual*, 26(1), pp. 5-38.
- Preston, D., 2013. Linguistic insecurity forty years later. *Journal of English Linguistics*, 20(10), pp. 1-28.
- Pollán, C., 2001. The expression of pragmatic values by means of verbal morphology: A variationist study. *Language Variation and Change*, 13, pp. 59-89.
- Real Academia Española / Asociación de Academias de la Lengua Española. 2009. *Nueva Gramática de la Lengua Española*. Madrid: Espasa.
- Recalde, M., 2012. Aproximación a las representaciones sociales del español de Galicia, en López Meirama, B., Jiménez Juliá, T., Vázquez Rozas, V. e Veiga, A. (eds.), *Cum corde et in nova gramatica. Estudios ofrecidos a Guillermo Rojo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 667-680.

- Regueira, X. L. e Fernández Rei, E., 2020. The Spanish sound system and intonation in contact with Galician, en Rao, R. (ed.), *Spanish phonetics and phonology in contact*. Amsterdam: John Benjamins, pp. 325-362.
- Regueira, X. L. e Vázquez Rozas, V. (no prelo). Spanish in contact with Galician, en Cerno, L., Döhla, H. J., Gutiérrez Maté, M., Hesselbach, R. e Steffen, J. (eds.), *Contact varieties of Spanish and Spanish-lexified contact varieties* [series Handbooks of Linguistics and Communication]. Berlin: Mouton De Gruyter.
- Vázquez Rozas, V., 2020. *Había + participio no español falado en Galicia: un estudo de corpus*, en Dubert García, F., Míguez, V. e Sousa, X. (eds.), *Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 195-219.
- Yraola, A., 2014. Actitudes lingüísticas en España, en Chiquito, A. B. e Pacheco, M. A. (eds.), *Actitudes lingüísticas de los hispanohablantes hacia el idioma español y sus variantes*. Bergen Language and Linguistics Studies, 5, pp. 551-636. <https://bells.uib.no/index.php/bells/article/view/685>.